

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE SANTISO O
DÍA 9 DE XANEIRO DE 2020**

ASISTEN

PRESIDENTE

D. Manuel Adán López

CONCELLEIROS

D. David Fernández Carril

D. Alejandro Péon Pereiro

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Antonio Mosquera Rodríguez

NON ASISTEN

D. José Antonio Río Naviza

Sendo as nove horas do día nove de xaneiro de dous mil vinte, reúnese no Salón da Alcaldía da Casa do Concello, a Xunta de Goberno Local da Corporación, en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados máis arriba, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Adán López, actuando como Secretario-Interventor D. Antonio Mosquera Rodríguez, que da fé do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión coa seguinte orde do día :

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita ós membros da Xunta de Goberno Local que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión celebrada o día 27 de decembro de 2019.

Non se produce ningunha alegación á acta por parte dos concelleiros presentes.

Rematado o turno de alegacións, a Xunta de Goberno Local da Corporación, cos votos a favor dos tres Concelleiros presentes na sesión, é dicir, por unanimidade dos membros presentes, aproba acta da sesión celebrada o día 27 de decembro de 2019.

2º.- CONCESIÓN DE LICENZAS.

2.1.- CONCESIÓN DE LICENZA PARA REPARACIÓN DA CUBERTA DA IGREXA DE SANTAIA DE RAIRIZ SOLICITADA POR MATILDE PALLARES CAGIDE, EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEDIAGO, RAIRIZ E MOURAZOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da instancia suscrita por Matilde Pallares Cagide, en representación da Asociación de Veciños de Arcediago, Rairiz e Mourazos, solicitando licenza para reparación da cuberta da Igrexa de Santaia de Rairiz, de acordo coa documentación presentada;

Vista a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o informe favorable emitido polo técnico competente na materia, cuxo contido literal se transcribe a continuación:



CONCELLO DE SANTISO- (A CORUÑA)

Cumprindo coa Providencia da Alcaldía de Santiso, en relación ca solicitude de licenza municipal realizada por Matilde Pallares Cagide, para levar a cabo obras na Igrexa Parroquial de Rairiz, o técnico que asina emite o seguinte

INFORME

NORMATIVA.

O planeamento en vigor no concello de Santiso é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 21 de novembro de 2014 de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiso (A Coruña) da Conselleira de Medio Ambiente

Con carácter de normativa básica é de aplicación a Lei 2/2016, do solo de Galicia (en diante LSG) e o Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia (en diante RLSG), e demais normativa sectorial no eido do urbanismo, da ordenación territorial e da vivenda, así como calquera outra con incidencia no obxecto da solicitude realizada.

ACTUACIÓNS

Da análise da documentación achegada, conclúese que se pretende obras na cuberta da Igrexa parroquial de Rairiz, consistentes na colocación de rastreis de nivelación, pranchas de fibrocemento e tella cerámica, e colocación dun xugo de madeira no campanario.

RÉXIME DO SOLO

A parcela na que se levarán a cabo as obras está situada no lugar O Casal, na parroquia de Rairiz, estando clasificada polo PXOM como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

As determinacións do PXOM están afectadas pola entrada en vigor da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Segundo se indica na disposición transitoria primeira desta lei, referente ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, se indica que o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei, e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, coa particularidade de que ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da lei.

Na disposición transitoria segundo do RLSG se indica que se entende que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, non ao réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido no artigo 36 do Regulamento da Lei do Solo.

Así pois, o réxime de aplicación na parte da parcela na que se levarán a cabo as obras é o disposto no PXOM, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes.

RÉXIME DAS OBRAS

As obras que se pretende executar son compatibles ca normativa urbanística. Ao efectuarse nun inmovible incluído no catálogo do PXOM, as obras deben contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a cal se ten obtido en sentido condicionado.



CONCELLO DE SANTISO- (A CORUÑA)

Así pois, se informa de xeito favorable as obras que se autorizan na "RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN DA CUBERTA DA IGREXA PARROQUIAL DE SANTA BAIA DE RAIRIZ, NO CONCELLO DE SANTISO", da cal se axunta copia a este informe.

O que se informa, aos efectos oportunos.

En Santiso, decembro de 2019
Javier Salorio Álvarez
Servizos urbanísticos municipais

Sr. Alcalde de Santiso
Agro do Chao.
15808 Arcediago (A Coruña)

Nº exp. 2019/201.

COMUNICACIÓN

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ven de emitir a seguinte resolución, da que de seguido se recolle o seu texto íntegro

* * *

"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN DA CUBERTA DA IGREXA PARROQUIAL DE SANTA BAIA DE RAIRIZ, NO CONCELLO DE SANTISO.

ANTECEDENTES

- 1 O Bispado de Lugo (e/r Miguel Angel Gómez Vázquez) solicitou autorización para a realización de obras de reparación da cuberta da igrexa parroquial de Santa Baia de Rairiz, situada no Concello de Santiso.
- 2 O día 13 de agosto de 2019 presentan, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de Lugo un informe técnico sobre a reparación da igrexa de Santa Baia de Rairiz, redactado polo arquitecto Jesús Bouza Fernández, e asinado en xullo de 2019, no que sinala que a intervención refírese a unha mera operación de mantemento, considerando a renovación das tellas (cerámica curva tradicional), baixo as que está previsto colocar placas de fibrocemento onduladas, libres de amianto, sobre a tarima existente, co obxecto de achegar unha dobre protección contra a chuvia.
- 3 A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura e Turismo, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 10 de outubro de 2019, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar favorablemente a solicitude de referencia xa que as actuacións propostas se consideran obras de mantemento propias do cumprimento do deber de conservación dos propietarios e son compatibles coa protección asignada ao edificio sempre que se empreguen materiais e técnicas que garantan a correcta conservación dos valores orixinais do ben e teñan en conta as seguintes consideracións:
 - As pranchas de fibrocemento deberán quedar recuadas respecto da cornixa para os efectos de que estas non sexan visibles dende o exterior do templo.
 - Non poderá procederse á disposición de caneiros e baixantes mentres non se remitan planos de planta e alzado coa posición exacta das baixantes, que deberán estar dispostas nunha posición que non deturpe a imaxe exterior da igrexa. Tamén deberán remitir detalle construtivo do encontro das canles coas cornixas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 2 Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.



- 3 Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.
- 4 Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia - Igrexa Católica.
- 5 A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do decreto 163/2018, de 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo,

RESOLVO

Autorizar a intervención solicitada coas condicionantes que se recollen no informe da subcomisión mixta de data 10 de outubro de 2019, e que se transcribe no apartado tres dos antecedentes deste mesmo escrito.

Esta resolución emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das obras recollidas nela.

Notifíquese esta resolución aos interesados no procedemento, en cumprimento, e para os efectos previstos no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.
Directora Xeral do Patrimonio Cultural".

* * *

O que se comunica en cumprimento e para os efectos do artigo 40 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019
A Subdirectora Xeral de Protección do Patrimonio Cultural
Dona Beatriz González Loroño
(Asinado dixitalmente ao marxe)



Visto o informe xurídico emitido polo secretario do Concello relativo ao procedemento e a lexislación a seguir para a concesión da licenza;

A Xunta de Goberno Local da Corporación, por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder á solicitante licenza para reparación da cuberta da Igrexa de Santaia de Rairiz, de acordo coa documentación presentada e co indicado na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e no informe do técnico competente na materia; sen prexuízo de terceiros e a salvo do dereito de propiedade.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada.

3º.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NAS MODALIDADES BÁSICA E DEPENDENCIA.

Acto seguido dase conta a Xunta de Goberno Local do expediente trámite para a adxudicación do servizo de axuda no fogar tanto na modalidade básica como en dependencia.

Dase conta das propostas formuladas polas diversas empresas, cuxas ofertas económicas coas correspondentes puntuacións así como a puntuación obtida nos proxectos técnicos de desenvolvemento do servizo e que se transcribense a continuación:

<u>EMPRESA</u>	<u>DEPENDENCIA-BÁSICA</u>		<u>SUMA PUNTOS</u>	
<u>PUNTUACIÓN</u>				
(1)AMIGOS MADUROS SOCIOSANITARIOS, S.	16,50€/hora	16,50€/hora	33,00	43,17
(2)AZVASE, S.L.	17,69€/hora	17,67€/hora	35,36	50,90
(3)EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.	16,92€/hora	16,92€/hora	33,84	45,92
(4)IDADES, S.L.	17,58€/hora	14,41€/hora	31,99	39,86
(5)O ESPERTAR, SERVICIOS SOCIAIS, S.L.	16,90€/hora	16,90€/hora	33,80	45,79
(6)SACYR SOCIAL , S.L.	17,36€/hora	17,35€/hora	34,71	48,77
(7)SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	17,98€/hora	17,93€/hora	35,91	52,91
(8)SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR, S.L.	17,16€/hora	17,10€/hora	34,26	47,30
(9)SOCISER GALICIA, S.L.U.	17,63€/hora	2,20€/hora	19,83	65,00

PUNTUACIÓN OBTIDA POLO PROXECTO TÉCNICO (Máximo 35 puntos):

EMPRESA ORGANIGRAMA PLAN FORMACIÓN ORG. E MEDIOS PROTOCOLO PUNTOS

(1)	4	6,50	6	6	22,50
(2)	5,50	5	4	6	20,50
(3)	6,50	4	5,50	8	24,00
(4)	6	8	5	8	27,00
(5)	7	7	4,50	8	26,50
(6)	7,50	5,50	6,50	8	27,50
(7)	4,50	4	7,50	8	24,00
(8)	6	7,50	8	8	29,50
(9)	8	6	7	8	29,00

RESULTADO FINAL: PREZO + PROXECTO:

<u>EMPRESA</u>	<u>PREZO</u>	<u>PROXECTO</u>	<u>SUMA TOTAL</u>
(1)	43,17	22,50	65,67
(2)	50,90	20,50	71,40
(3)	45,92	24,00	69,92
(4)	39,86	27,00	66,86
(5)	45,79	26,50	72,29
(6)	48,77	27,50	76,27
(7)	52,91	24,00	76,91
(8)	47,30	29,50	76,80
(9)	65,00	29,00	94,00

Unha vez feitos, pola mesa de contratación, os cálculos oportunos, detectouse que a oferta presentada pola empresa SOCISER GALICIA, S.L.U., era anormalmente baixa o superar a media aritmética das ofertas presentada en máis de 10 unidades, tal e como se establecía nas cláusulas económico administrativas que rexen o procedemento de contratación (cláusula décimo segunda).

Por parte da mesa de contratación solicitouse a empresa SOCISER, S.L.U. que xustificase a súa oferta, dentro do prazo establecido nos pregos de cláusulas administrativas.

Por parte da empresa SOCISER, S.L.U. xustificouse a súa baixa o entender que podría levar a cabo o servizo obxecto do contrato, xa que a maior baixa fíxose na modalidade

de básica e cantidade de horas anuais de dita modalidade (1.500 horas) e moi inferior ás horas de dependencia (30.552 horas), compensando o maior prezo ofertado en dependencia co ofertado en básica.

Logo de ver o informe emitido polos técnicos redactores dos pregos de cláusulas administrativas, así como a acta da mesa de contratación para o estudo da xustificación da oferta anormalmente baixa, esta Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Adxudicar a empresa SOCISER, S.L.U. o contrato para a execución do servizo de axuda no fogar tanto na modalidade de básica como de dependencia, dacordo coa proposta formulada por dita empresa.

2º.- Dar traslado do presente acordo a plataforma de contratos do estado os efectos de coñecemento das empresas que participaron no procedemento licitatorio, co fin de que poidan pedir as aclaracións que estimen oportunas ou interpoñer os recursos pertinentes ante esta Xunta de Goberno, ou a xuridición contencioso-administrativa competente (cláusula trixésimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas).

3º.- Prosígase cos trámites establecidos nas cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas ata o remate do proceso.

4º.- Facultar o Alcalde-Presidente para o desenvolvemento do presente acordo e a firma do oportuno contrato coa empresa que resultou adxudicataria do servizo.

4º.- PROPOSTAS DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Non se producen.

E sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas, levantouse a sesión polo Sr. alcalde, estendéndose a presente acta de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO